

# Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA CATORCE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DOCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas e cinco minutos da mañá do día catorce de decembro de dous mil doce, reúnese en primeira convocatoria os seguintes concelleiros: Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago que abandona o salón de plenos as catorce horas e trinta minutos no punto de dar conta dos decretos da alcaldía, Álvaro Rodríguez Graña, Roberto Oscar López López e baixo a Presidencia de Ana Rodríguez Montero como Alcaldesa. Actúa de Secretaria, Paula Díaz Tie. De seguido trátanse os seguintes asuntos da orde do día:

**1 APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DO PLENO DO DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2012.** Os membros do pleno aprobaron a acta anterior. Seis votos a favor dos concelleiros José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, e Roberto Oscar López López e o voto da alcaldesa. Tres abstencións dos concelleiros Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago e Álvaro Rodríguez Graña.

O concelleiro Benigno Galego Castro quere manifestar que nesta acta no punto de rogos e preguntas en relación o asunto do camiño dos Casás, se plasme a conclusión que se chegou de que o concello consideraba público o camiño sempre que os veciños non dixeran o contrario.

O concelleiro Roberto Oscar López López explica que el tamén interveu nese asunto e explicando que sería unha boa solución que se publicase un edito para informar aos veciños de que este camiño é considerado público.

**2 CORRECCIÓN DE ERROS NA REDACCIÓN DO ACORDO DO PLENO DO DIA 30 DE OUTUBRO DE 2012 EN RELACIÓN A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO.** Despois de ler a proposta da Alcaldía que se copia continuación: Cómpre emendar o erro producido na redacción do artigo 6 da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida de lixo, xa que se tomou como base o texto que se publicou no BOP o día 19/08/2012 en lugar do texto que se publicou o día 10/02/2012 polo que o abeiro do artigo 105 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, procede emendar o erro polo que se engade o ultimo inciso o artigo seis seguinte, “que se fraccionarán en dúas cotas semestrais”. Cerdido, 29 de novembro de 2012. A Alcaldesa. Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a proposta anterior.

**3 APROBACIÓN DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DO ANO 2013. Logo da lectura da proposta da alcaldía que se transcribe deseguido:** Unha vez recibida a circular da Deputación da Coruña, sobre a elaboración do Plan de Obras e Servizos 2013, e motivado pola necesidade de realizar investimentos de melloras viarias nas parroquias do Concello, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte ACORDO: **Primeiro:** Aprobar o Plan de investimentos Municipais para o ano 2013 no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar no POS 2013 integrado polas seguintes obras e de acordo co financiamento que se indica:

### A) Realización de obras

	Nº de orden e Denominación	Importe Total	Estado + Concello Deputación	
1º	Camiño cruce do río a Penadovico (Cerdido) e outros	37.897,07 €	36,092,45 €	1.804,62 €
2º	Camiño de Seoane (A Barqueira) e outros	36.867,56 €	35.111,96 €	1.755,60 €
		<b>74.764,63 €</b>	<b>71.204,41 €</b>	<b>3560,22€</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade do 2010 e que se relacionan nesta táboa.

### B) Financiamento de gastos correntes

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	45.835,65 €
---	-------------

### C) Resumo:


Denominación de obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total
Subtotal de obras	71.204,41	3.560,22€	74.764,63 €
Subtotal gastos correntes	45.835,65 €		45.835,65 €
Total	117.040,60 €	3.560,22 €	120,600,28 €

**Segundo:** Declarar que o Concello dispón de terreos, augas e servidumes para a execución das obras e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias. **Terceiro:** Comprometerse o Concello a incluír no Presuposto municipal do 2013 os fondos necesarios para facer fronte a achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2013. **Cuarto:** Solicitar da Excma. Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello para a contratación e a execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente. **Quinto:** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento. **Sexto:** Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. **Sétimo Octavo:** Facultar expresamente a Sra. Alcaldesa para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente. Cerdido, 7 de decembro de 2012. A alcaldesa. Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior.** Cinco votos a favor da proposta dos concelleiros José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, e o voto da alcaldesa e catro abstencións dos concelleiros Roberto Oscar López López Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago e Álvaro Rodríguez Graña.

A alcaldesa explica que parte do plan de obras e servizos vai dirixido a pavimentación de camiños e que outra parte vai dirixida a financiar gastos xerais do concello

O concelleiro D. Roberto Oscar López López pregunta se si incorporan nestes proxectos as obras de saneamento que quedaron pendentes no lugar de Rego da Madeira

A alcaldesa contéstalle que nestes proxectos non se incluíron porque a Deputación adoita aprobar plans de investimentos para abastecemento de auga e saneamento, polo que é mellor deixar este plan para reparar camiños xa que non se poden incluír no outro. Tamén hai outros investimentos de



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

saneamento no lugar de o Porto que se poden incluír neste futuro plan.

O concelleiro Benigno Galego Castro explica que as obras de saneamento en Rego da Madeira deberían facerse agora que está a maquinaria alí. Anuncia que o seu voto vai a ser a abstención xa que non esta de acordo co xeito de facer os proxectos de obras, xa que conteñen moitos erros acotío, polo que non pode darlle ningunha confianza aos redactores destes proxectos, a abstención non quere dicir que este en contra dos investimentos previstos.

**4 ACORDO DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS, DERIVADO DO NON PAGO DA PAGA EXTRAORDINARIA AO PERSOAL DESTE CONCELLO. Logo da lectura da proposta da alcaldía do tenor literal seguinte,** Lido o informe da secretaria- interventora do Concello de Cerdido (A Coruña) do día 17.10.2012 onde se explica o procedemento que se ten que seguir para dar cumprimento o disposto no artigo 2 do Real Decreto -Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e do fomento da competitividade. Artigos 2 e seguintes no que se procede a supresión da paga extraordinaria de decembro a todo o persoal do sector público (RDL 20/2012). esta alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:**Primeiro,** Declarar a non dispoñibilidade de crédito que resúmese nos importes e partidas seguintes

Aplicación presupostaria		Concepto	Importe
Funcional	Económica		
1	130,00 131,00	Retribucións	3,941,61 €
2	120,02 131,00	Retribucións	6.185,33 €
3	131,00	Retribucións	3.995,67€
9	120,00 120,03 120,04	Retribucións	6.224,53 €
<b>Total</b>			<b>20.347,14 €</b>

Os créditos non dispoñibles son aqueles que derivan do acto mediante o que se inmoviliza a totalidade ou parte do saldo de crédito dunha aplicación presupostaria orzamentaria, declarándoo susceptible de non utilización. A declaración de non dispoñibilidade non supoñerá a anulación do crédito, pero con cargo ao saldo non dispoñible non poderán acordarse autorizacións de gastos nin transferencias e o seu importe non poderá ser incorporado ao presuposto do exercicio seguinte. Cerdido, 7 de decembro de 2012. A alcaldesa. Ana Rodríguez Montero. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior** Cinco votos a favor da proposta dos concelleiros José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, e o voto da alcaldesa e catro en contra dos concelleiros Roberto Oscar López López Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago e Álvaro Rodríguez Graña.


O concelleiro Roberto Oscar López López explica que o fondo deste asunto é que pretenden que co

recorte dos salarios dos traballadores públicos se solucionen os problemas que se causaron por unha mala xestión económica. O Estado ten un problema de liquidez polo que saca os cartos os traballadores para poder pagar os intereses dos cartos que prestou a Unión Europea para sanear os bancos privados. Esta é unha norma que impón unha medida inxusta á administración local, non é unha medida que se lle impón a todas as persoas físicas non as xurídicas, anuncia o seu voto en contra porque entende que isto é unha trapallada imposta por un uso perverso do Estado.

O concelleiro Benigno Galego Castro explica que non é normal que se quite a paga extra e non se poida adicar a outra cousa, o sentido da medida e para evitar o déficit público pero este concello non ten este problema.

**5 APROBACIÓN DO TEITO DE GASTO PARA O ANO 2013. Despois da lectura da proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte:** A secretaria- interventora deste concello, realizou unha proposta de resolución ao Pleno deste concello para fixar o teito de gasto no presuposto do ano 2013, polo que ao abeiro do disposto no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostemento financeiro (BOE núm, 103 do 10.04.2012) cómpre adoptar o seguinte acordo: **Lexislación aplicable,** Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostemento financeira (BOE núm.103 do 10.04.2012). LOEPSF. Lei orgánica 4/2012 do 28 de setembro pola que se modifica a Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostemento financeiro (BOE núm.235 do 29.09.2012). Taxa de referencia a efectos de aplicar a regra de gasto aprobada polo Consello de Ministros do 20.07.2012, polo que se establece para o ano 2013 a taxa de 1,7%. **Consideracións técnicas e xurídicas,** O artigo 30 da LOEPSF establece que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade presupostaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus Presupostos. O límite de gasto non financeiro excluírá as transferencias vinculadas aos sistemas de financiamento de Comunidades Autónomas e Corporacións Locais. O artigo 12 da LOEPSF establece que a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. Entenderase por gasto computable para os efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento. Cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente polo que se propón o seguinte acordo:

**Primeiro:** Fixar como límite de gasto a seguinte cantidade:



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Presuposto inicial 2012	932.633,00€
Previsión inicial dos gastos financiados con ingresos finalistas <sup>1</sup>	310.350,31 €
Diferencia	622,282,69 €
Aumento previsto polos cambios normativos	14.000,00 €
Total gastos	636.282,69 €
Aplicación da taxa de referencia 1.7%	10.816,81 €
Total límite de gasto	<b>647.099,49 €</b>

Cantidade que se estableceu despois de analizar o presuposto do ano 2012 así coma as transferencias recibidas doutras administracións públicas e os cambios normativos que sufriron as ordenanzas fiscais da recollida de lixo e do servizo de abastecemento de auga e a variación colectiva do imposto de bens inmobles derivados da valoración colectiva do ano 2006. Cerdido, 7 de decembro de 2012. A alcaldesa. Ana Rodríguez Montero **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior** Cinco votos a favor da proposta dos concelleiros José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, e o voto da alcaldesa e tres abstencións dos concelleiros Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago e Álvaro Rodríguez Graña e un voto en contra do concelleiro Roberto Oscar López López.

O concelleiro Roberto Oscar López López explica que o teito de gasto é un xeito de afogar as Administracións pola teoría neoliberal, inténtase poñerlle trabas ao público para poder privatizar os servizos, todas estas medidas son impostas polos representantes da banca que queren apertarlle o pescozo as administracións para non poidan darlle servizos os veciños. E anuncia que si estivese gobernando tamén votaría en contra

O concelleiro Benigno Galego Castro pregunta sobre as consecuencias que traería ao concello

A alcaldesa explica que isto é unha medida para que os Concellos non se endebeden e supón que o concello non pode gastar cos seus propios ingresos mais que esta cantidade

**6 APROBACIÓN DO PRESUPOSTO MUNICIPAL PARA O ANO 2013 ASÍ COMO O CADRO DE PERSOAL.** Lida a proposta da alcaldía seguinte: Unha vez realizado o proxecto de presuposto municipais para o ano 2013 que ascende a un total de ingresos e gastos de 942.882,74 euros, cos que se pretende facer fronte a tódolos proxectos de gastos que pretende realizalo concello no vindeiro exercicio económico e que se concretan na documentación que obra no expediente de aprobación do presuposto e atendendo o disposto nos artigos 162 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e demais normativa a aplicar, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte ACORDO:Primeiro: Aprobar inicialmente o presupostos deste concello para o ano 2013, por unha cantidade, tanto a nivel de ingresos como de gastos de novecentos corenta e dous mil oitocentos oitenta e dous euros e setenta e catro céntimos (942.882,74 €) e que se resume por capítulos nos cadros seguintes

<sup>1</sup> Saldo inicial da aplicación presupostaria de ingresos 450,00 e 460 excluído o PIE e achega da xunta do FCL polo concepto 450,00 máis o saldo inicial da aplicación presupostara 761.


<b>ESTADO DE GASTOS</b>			<b>ESTADO DE INGRESOS</b>		
<b>Cap.</b>	<b>Denominación</b>	<b>Euros</b>	<b>Cap.</b>	<b>Denominación</b>	<b>Euros</b>
1	Gastos de persoal	469.666,74 €	1	Impostos directos	177.000,00 €
2	Gastos en bens correntes	365.519,20 €	2	Impostos indirectos	8.000,00 €
3	Gastos financeiros	200,00 €	3	Taxas e outros ingresos	98.2000,00 €
4	Transferencias correntes	10.900,00 €	4	Transferencias correntes	560.548,85 €
			5	Ingresos patrimoniais	18.500,00 €
6	Investimentos reais	96.596,80 €	6	Alleamento de investimentos reais	
7	Transferencias de capital	0,00 €	7	Transferencias de capital	80.633,89 €
8	Activos financeiros	0,00 €	8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €	9	Pasivos financeiros	0,00 €
	<b>Suma</b>	<b>942.882,74 €</b>		<b>Suma</b>	<b>942.882,74 €</b>

**Segundo: Aproba-lo cadro de persoal do concello** para o ano 2013. **Terceiro: Inicia-lo período de exposición ó público** por un período de quince días no BOP e no taboleiro de anuncios do concello. No caso de que non se presentaren reclamacións neste prazo o presuposto para o ano 2013 considerárase definitivamente aprobado, polo que se deberá publicar, resumido por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do concello. **Cuarto: Remitirlle unha copia dos presupostos a Administración Autonómica e a Administración do Estado, así como unha copia do cadro de persoal.** Cerdido, 5 de decembro do 2012. A alcaldesa. Os **membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior** Cinco votos a favor da proposta dos concelleiros José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, e o voto da alcaldesa e tres en contra dos concelleiros Benigno Galego Castro, Cándido Eusebio Prieto Lago, Álvaro Rodríguez Graña e unha abstención do Concelleiro Roberto Oscar López López

A alcaldesa explica que estes presupostos son similares aos do ano anterior e que os ingresos son poucos e non hai maneira de melloralos.

O concelleiro Roberto Oscar López López pregunta polo cadro de persoal do Concello e afirma que non entende como persoal que leva vinte anos no concello non ten unha praza fixa, cando dende o concello se sabe con certeza se son válidos ou non para o posto de traballo, e entende que nunha administración pública non debe haber dous tipos de persoal con normativa diferente e se debería funcionar a todo o persoal como se fixo no Concello de Narón. Respecto o orzamento entende que os tempos son os que son e que chegar a esta cifra xa é un logro. Anuncia que pode ser o derradeiro pleno o que acuda polo que quere dicir que o único camiño de viabilidade para este concello e de superar os contidos administrativos e de darlle un contido económico debese ir máis aló de gastos e ingresos e buscar unha forma de impulsar o desenvolvemento do concello e da súa promoción, como promotor económico no que se buscasse non so un beneficio monetario senón tamén uns obxectivos de dinamización social e económica a través dun desenvolvemento do turismo rural mellorando o asociacionismo forestal, desenvolvemento agro-gandeiro e entende que o que non sexa isto o concello verase abocado a unha agonía lenta ata a súa desaparición. Estes presupostos no teñen contido político, son meros documentos administrativos e técnicos.

O concelleiro Benigno Galego Castro intervén para facer unha comparativa da memoria da alcaldía



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

do ano 2008 e deste ano, durante seis anos non hai un proxecto concreto para o concellos de mais ingresos propios, falábase no ano 2008 das vivendas de aluguer do concello que en seis anos non se lle fixo nada, nin un plan de investimentos. Hai seis anos destácanse os problemas das pistas municipais, problemas que a día de hoxe seguimos con el, tamén se falaba do futuro polígono industrial que despois de seis anos aínda non sabemos nada. No ano 2008 había cinco asociacións e se lles daba un total de 14.000,00 €, este ano hai nove asociacións e o importe é de 8.000,00 € ademais eliminouse o cadro onde estaban indicadas as contías individuais para cada asociación, emerxencia social estaba dotada cunha partida de 2.000,00 € e este ano ten un total de 500,00 € cando nos tempos en que estamos debería incrementarse, así mesmo non se pode seguir dando do mesmo xeito, xa que debería haber unha ou dúas convocatorias ao ano para que toda a xente que queira poida optar a estas axudas. Falábase hai seis anos da excesiva vinculación ás subvencións doutras administracións, este ano repítese o mesmo, para evitar estes problemas sería necesario aumentar a poboación e isto se fai con traballo para a xente o con un programa de vivenda. Polo que o traballo real é cero. Outro investimento importante para o concello será a Vía de Alta Capacidade e agora mesma esta parada cando no programa electoral afirmábase que o PSOE a tivo parada catro anos. O presuposto deste ano redúcese o gastos de persoal, a que se debe? Incrementábase os gastos ordinarios, unicamente polo cursos de servizos sociais, ou por outros gastos como pode ser a empresa que xestiona a auga? Por que se incrementaron os gastos en cultura e en educación? No ano 2012 solicitouse unha subvención para gastos xerais dun total de 75.000,00? este ano como se van a financiar? Hai prevista unha subvención de 110.000,00 € da Deputación é real e está xa confirmada?. No anexo de investimentos hai unha previsión da cara a tres anos de pavimentación de camiños, de saneamento e de abastecemento de auga polo que cree que como non se faga máis investimento para chamar a xente a Cerdido, non se necesitan esta obras porque tenderemos á desaparición

A alcaldesa afirma que os gastos de persoal descenden porque se consignaron moi poucos cartos na subvención da Consellería de Traballo e Benestar para contratar traballadores, e explica que os gastos ordinarios aumentan pola subida do prezo da luz e do gasóleo e anuncia que hai que tomar algunha medida máis en relación a iluminación pública porque supón un gasto totalmente excesivo para este concello, en relación os gastos de cultura e deportes ascende porque existe unha partida presupostaria para realizar as obras da oficina do campo de fútbol que subvenciona o Agader

### **7 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CERDIDO INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A EXCLUÍR AS PERSOAS FÍSICAS COMO SUXEITOS OBRIGADOS AO PAGAMENTO DE TAXAS XUDICIAIS. Lida a moción seguinte:**

O Grupo Municipal Socialista, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta MOCIÓN, en base á seguinte EXPOSICIÓN de MOTIVOS.O pasado 22 de novembro entrou en vigor a lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de Xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses. Tras unha tramitación de vertixe no Parlamento con evidente afán de ocultación aos cidadáns, o seu contido constitúe unha mostra máis da vontade do Goberno de levar a cabo un desmantelamento dos servizos públicos esenciais, cuestionando á súa vez o exercicio efectivo dos dereitos fundamentais. A Lei 25/1986, do 24 de decembro, de Supresión das Taxas Xudiciais, erradicou do noso ordenamento xurídico a figura da taxa xudicial, para propiciar que todos os cidadáns puidesen obter xustiza calquera que fose a súa situación económica ou a súa

posición social. Mediante a contrarreforma emprendida polo Grupo Popular, este cambio normativo tan radical prodúcese sen aceptarse ningunha proposta dos Grupos Parlamentarios ao longo da súa tramitación en ambas as dúas Cámaras e contra o criterio do Grupo Socialista, ao estenderse o pagamento de taxas xudiciais a toda persoa natural e xurídica, así como ás ordes xurisdicionais civil, contencioso administrativo e social. Se ben o Tribunal Constitucional en STC 20/2012 do 16 de febreiro de 2012 considerou constitucional reintrodución da taxa feita pola Lei 53/2002, do 30 de decembro, tamén afirmou que ‘Esta conclusión xeral só podería verse modificada se se mostrase que a contía das taxas.,,/,,,, son tan elevadas que impiden na práctica o acceso á xurisdición ou obstaculízano nun caso concreto en termos irrazoables, atendendo aos criterios da xurisprudencia expostos no fundamento xurídico 7. Non obstante, a contía das taxas non debe ser excesiva, á luz das circunstancias propias de cada caso, de modo que impida satisfacer o contido esencial do dereito de acceso efectivo á xustiza’. En consecuencia, a contía das taxas non debe impedir ou obstaculizar de xeito desproporcionado o acceso á xurisdición. Recentemente, o Sr. Manuel Cachón Cadenas, Catedrático de Dereito Procesual da Universidade Autónoma de Barcelona, dicía que: “Se o lexislador, mediante a imposición de taxas xudiciais ou doutra forma, pon dificultades para que un cidadán que sufriu unha lesión dos seus dereitos poida acudir aos Tribunais a pedir protección, isto significa que ese lexislador está a favorecer a quen lesionou aqueles dereitos. Por iso, a existencia de taxas xudiciais fomenta a morosidade e, en xeral, o incumprimento das obrigas. Na medida que un sistema de taxas xudiciais dificulte a obtención de tutela xudicial, nesa mesma medida está a beneficiar aos que incumpren as súas obrigas.”O obxectivo recadatorio que persegue esta Lei é desproporcionado coa limitación do dereito de acceso á xustiza e pode converterse nun obstáculo impeditivo para a obtención de tutela xudicial efectiva. Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello somete a votación a seguinte MOCIÓN para ser aprobada e na que se insta ao Goberno de España a: - Adoptar urxentemente as medidas necesarias para excluír as persoas físicas como suxeitos obrigados ao pagamento de taxas xudiciais e a garantir que ninguén vexa limitado o seu dereito de acceso á xustiza por non poder facer fronte ao pagamento da taxa xudicial. Cerdido a 1 de Decembro 2012. Asinado: Cándido Prieto Lago. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior.** Tres votos a favor dos concelleiro Benigno Galego Casto, Cándido Prieto Lago Álvaro Rodríguez Graña. Seis abstencións dos concelleiros José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, e Roberto Oscar López López e a alcaldesa


O concelleiro Benigno Galego Castro, explica que estas taxas non creen na igualdade nin na xustiza, e ata Feijoo dixo que habería que revisar algún suposto. Nalgúns caso son excesivos, e entende que pagar para ir a xustiza supón unha diferenciación entre ricos e pobres, e con esta medida conseguiron poñer a todos os xuíces, fiscais e avogados de acordo co seu rexeitamento.

A alcaldesa a firma que non sabe moito do tema e que na prensa ven que os parados non teñen que pagar

O concelleiro Cándido Prieto Lago entende que con esta medida limítase o acceso a xustiza así pon de exemplo que para recorrer un despedimento improcedente deberase pagar 1.580,00 €, pero o importe que paga a empresa descóntalle como gasto e lle desgrava a facenda. Entende que a xustiza non é gratuíta porque xa se paga cos impostos da xente, e así o que gana mais paga mais

O concelleiro Roberto Oscar López López explica que o fondo do asunto radica que esta medida naceu para solucionar o problema da saturación da xustiza, pero esta medida provoca desigualdade





## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

e indefensión, anuncia que o seu voto vai ser a abstención xa que se houbera un concelleiros de Bildu non se contaría con el.

O concelleiro Benigno Galego Castro que non lle parece ben a última intervención, e entende que foi unha decisión do secretario do partido no Congreso dos Deputados da que el persoalmente non esta de acordo e se se producira no ámbito deste concello, non se levaría a cabo.

**8 MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA QUE O CONCELLO INSTE A CONSELLERÍA DE MEDIOAMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS PARA QUE ACOMETA MELLORAS NA SEGURIDADE VIAL NA AC -102.** Lida a moción seguinte, Cándido Prieto Lago, como Concelleiro do Grupo Municipal Socialista do Excmo. Concello de Cerdido ao amparo do disposto no art. 97/3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ante ese Pleno Corporativo a seguinte: moción para que o concello de Cerdido inste a Consellería de Medioambiente Territorio e Infraestruturas para que acometa melloras na seguridade vial na AC-102. baseada na seguinte exposición de motivos: Nos últimos anos véñense sucedendo numerosos accidentes na estrada AC -102, concretamente en dous puntos da estrada, un deles situado no noso Concello, a altura do km 5,2 nas coñecidas como curvas de O Carballeiro, este tramo de estrada sombrío e cun firme deficiente, necesita unha adecuación para tratar de evitar as numerosas saídas de vía que rexistra sobre todo no inverno cando as condicións climatolóxicas son adversas(choiva, xeadas). O outro punto onde se rexistran numerosos accidentes está situado en Porto do Cabo no Concello de Cedeira, aínda que non pertence o noso Concello sería conveniente tratar este asunto co Concello de Cedeira para que xuntos se dera traslado urxente da problemática a Xunta de Galicia que é a titular da Estrada e polo tanto a que debe encargarse da seguridade vial e o mantemento. Dende o PSdeG PSOE de Cerdido xa reclamamos con anterioridade a mellora da seguridade vial noutras estradas de titularidade Autonómica como e o caso da AC 862, onde se cambiaron peraltes e firme nas curvas do Alto de Sete, e conseguíuse polo menos reducir o número de saídas de vía. Estamos convencidos que cunha adecuada sinalización, un firme antideslizante e cambios no trazado que non supoñen ningún gasto desorbitado poderemos evitar que no futuro se produzan accidentes de gravidade -E por todo iso que O Grupo Municipal Socialista presenta para a súa aprobación en Pleno a seguinte Proposta de Acordo:1.-O Concello de Cerdido comprométese a iniciar de forma urxente conversacións coa Administración Autonómica e o Concello de Cedeira, co obxectivo de diminuír a elevada sinistralidade da estrada AC 102.2.-O Concello de Cerdido insta a Xunta de Galicia a que elabore un estudo de seguridade como instrumento básico de planificación e estratexia, onde se establezan as prioridades e o diagnóstico da situación, así como os investimentos e medidas necesarias para a mellora do firme e a substitución dos gardarraís existentes por uns homologados que protexan os motoristas en caso de caída. Cerdido a 1 de Decembro de 2012 Cándido Prieto Lago. **Os membros do Pleno por unanimidade aprobaron a proposta anterior cunha nova redacción do punto dous que queda redactado do seguinte xeito,**

O Concello de Cerdido insta a Xunta de Galicia a que elabore un estudo de seguridade como instrumento básico de planificación e estratexia, onde se establezan as prioridades e o diagnóstico da situación, así como os investimentos e medidas necesarias para a mellora do firme e a substitución dos gardarraís existentes por uns homologados que protexan os motoristas en caso de caída e corrixa as deficiencias dos puntos quilométricos 5,100e 7,700 mellorando o firme e a sinalización “

A alcaldesa anuncia que xa realizou xestións coa consellería e que xa puxeron novas sinais


O concelleiro Roberto Oscar López López afirma que no lugar de O Carballeiro houbo un accidente hoxe e entende que faltan sinais de curvas perigosas, perigo de xeada e que se debería poñer un firme que agarre mais e ademais de debería advertir á Consellería da existencia dunha pedra no punto quilométrico 7, que está abeira da estrada e que esta a piques de caer

A alcaldesa propón que se inclúa na moción a seguinte emenda, “ e corrixa as deficiencias dos puntos quilométricos 5,100 e 7,700, mellorando o firme e a sinalización “

### **Control e fiscalización dos órganos da Corporación:**

**9 DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA. A Secretaria lee a relación de Decretos seguinte:**

<b>Nº</b>	<b>Data</b>	<b>Descrición</b>
<b>Outubro 2012</b>		
202	24/10/2012	Licenza de obras 2012/U009/000015 para reparación de beirarrúa en Porto
203	25/10/2012	Autorización para usar a Escola dos Casás a Comisión de festas dos Casás 2013
204	25/10/2012	Autorización para usar a escola de Avispeira para actos relixiosos
205	26/10/2012	Aprobación do proxecto de contratación dun Axente de Emprego e Desenvolvemento Local
206	26/10/2012	Autorización á asociación de mulleres para usar Avispeira para realizar curso de talla de madeira
207	31/10/2012	Licenza de obras 2012/U009/000009 para reformar un garaxe en Pontellas
208	31/10/2012	Licenza de obras 2012/U009/000009 para cubrición dunha bodega en Soosloueiros
209	31/10/2012	Licenza de obras 2012/U008/000005 para construír un muro de contención en Cruz dos Novás.
210	31/10/2012	Licenza de obras 2012/U008/00006 para construír un galpón en Pena
<b>Novembro 2012</b>		
211	05/11/2012	Aprobación de facturas de nº 376 ao nº 423
212	05/11/2012	Aprobación da certificación de obra nº 2 de camiño Cruz dos Novás- A Pena-Casavide
213	06/11/2012	Autorización a Promacer para usar Avispeira para reunión de asociados
214	08/11/2012	Autorización a “Los Ruínas” para usar Avispeira para ensaios de música
215	13/11/2012	Aprobación do expediente de modificación de crédito 06/12
216	14/11/2012	Licenza de obras 2012/U008/00006 para substitución de cubrición en Felgasas



# Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

	2	
217	16/11/2012	Autorización a Airiños para usar o pavillón para celebración do 25 aniversario
218	16/11/2012	Autorización a Promacer para usar o pavillón para xuntanza de voluntarios
219	19/11/2012	Concesión dunha prórroga para remate das obras de construción de vivenda en Rego da Madeira
220	19/11/2012	Concesión dunha prórroga para inicio das obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Felgosas
221	19/11/2012	Autorización para usar O Castro para festa de aniversario infantil
222	21/11/2012	Clasificación de ofertas presentadas para construción dunha nave almacén nos Casás
223	21/11/2012	Aceptación da renuncia á licenza solicitada para facer unha entrada a unha parcela en Abelleira de Arriba.
224	22/11/2012	Licenza de obras 2012/U008/00019 para peche de finca en Porto
225	29/11/2012	Aprobación do expediente de modificación de crédito 07/2012
226	30/11/2012	Convocatoria da mesa de contratación para contratar a xestión da casa de turismo rural
227	30/11/2012	Contratación dunha auxiliar de axuda no fogar para cubrir vacacións
<b>Decembro 2012<sup>2</sup></b>		
228	03/12/2012	Iniciación do expediente de contratación de obras de reparación de saneamento en Regueirolongo, A Barrosa e Freis
229	03/12/2012	Alta no padrón municipal de habitantes en Chao, 15
230	04/12/2012	Aprobación da certificación nº 3 da obra Saneamento en Calmourel a Rego da Madeira
231	04/12/2012	Autorización a comisión de festas da Barqueira para usar a Escola de Avispeira para unha xuntanza de Nadal
232	04/12/2012	Cambio de horarios na autorización a Airiños para usar Avispeira para ensaios
233	04/12/2012	Aprobación do expediente de contratación de obras de Reparación do saneamento de Regueirolongo, A Barrosa e Freis...
234	04/12/2012	Aprobación de facturas de nº 420 ao nº 466 (agás 421 e 423, xa aprobadas)
235	10/12/2012	Convocatoria de pleno ordinario

## 10 MOCIÓNS DE URXENCIA. Non houbo

## 11 ROGOS E PREGUNTAS.

**O concelleiro Benigno Galego Castro** toma a a palabra para anunciar que como ten varias preguntas sen contestación o que vai a facer e solicitar un pleno extraordinario para poder debatelas. Deseguido realiza as seguintes preguntas,

1 Se ten coñecemento de que unha nena rompeu un dente na piscina, o seguro se fai cargo? A alcaldesa afirma que si, e que ó principio non sabia si o cubría o seguro ou non,

2 Por que non se contrataron todos os peóns do concello de Cerdido, ao abeiro do plan da Deputación ? A alcaldesa explica que ao Concello de Cerdido correspondíanlle catro peóns pero coma As Somozas non participou no Plan, repartiron o persoal deste concello entre os Concellos limítrofes, por iso hai un peón mais que é de As Somozas. O concelleiro Benigno Galego Castro intervén para solicitar que se lle pida a Deputación que todo o persoal sexa de Cerdido.

**O Concelleiro Roberto Oscar López López** realiza as seguintes preguntas:

Solicita á alcaldesa unha documentación sobre o Polígono Industrial? A alcaldesa afirma que aínda non a buscou.

Na curva do Carballerio hai sinais arrancadas, e roga a alcaldía que solicite a Deputación que as poñan de pe.

E, non habendo mais asuntos que tratar, a Presidencia rematou a sesión ás catorce horas e corenta e cinco minutos do día catorce de decembro de dous mil doce do que eu como Secretaria dou fe:

A secretaria

A alcaldesa

Paula Díaz Tie

Ana Rodríguez Montero